

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

5. XESTIÓN DE BIBLIOTECA E DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Consentimento do interesado ou interesada (art. 6.1.a. do RXPD).

FINS

Xestión das solicitudes de información e documentación , e das peticións de préstamos bibliográficos que se rexistren no Servizo de Asistencia Parlamentaria. Garda e custodia da documentación do Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoal da Cámara, persoal investigador acreditado, e calquera outra persoa que requira acceder aos fondos bibliográficos e documentais do Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

DESTINATARIOS

Non está prevista a cesión de datos.

Non está prevista a transferencia internacional de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos de usuarios do servizo conservaranse no sistema de forma indefinida con fins de arquivo, en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.